



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 9 de novembro de 2011.
HORA DE COMEZO: 20.40 horas
HORA DE REMATE: 22.30 horas.

ASISTENTES:

Don Adolfo Gacio Vázquez
Don Jesús Sanjuás Mera .
Don Manuel Mouriño Varela .
Don Antonio González Barral .
Dona María Dolores García Couto .
Dona Sonia Rodríguez Midón .
Don Jesús José Santasmarinas Devesa .
Dona Raquel García Fraga .
Dona Adela Redondo Rendo.
Don Xabier Canabal Fernández .
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Ninguén.

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde Don Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria Dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Modificación taxa servizo abastecemento auga e altas saneamento.**
- 3. Modificación ordenanza reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana (lixo).**
- 4. Aprobación do “Plan de Obras e Servizos 2012”.**
- 5. Revogación da adhesión á “Fundación Pública Refuxio de Animais”.**
- 6. Informe tesourería.**

7. **Mocións 2527-2682 (PP) , 2224 – 2674 – 2675 – 2676 (BNG) e 2661 (PSG).**
8. **Información alcaldía.**
9. **Rogos e preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1)Aprobación da acta anterior.

Por unanimidade apróbase a acta da sesión extraordinaria que tivo lugar o día 26 de outubro de 2011.

2. Modificación taxa servizo abastecemento auga e altas saneamento.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do BNG e P S de G, acórdase :

1) Modificar as taxas polo servizo de abastecemento de augas a altas de contratos, quedando tal e como a continuación se detalla :

A)

1.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO

ANO 2.011 (3,2%+28%) ANO 2.012

Abonados domésticos

- Cota fixa :	3,522 €/ab.mes	4,652 €/ab.mes
- Consumo :		
1º Bloque : 0 a 10 m ³ /abon. mes	0,255 €/m ³	0,337 €/m ³
2º bloque : más de 10 a 20 m ³ /ab.mes	0,317 €/m ³	0,419 €/m ³
3º bloque : más de 20 a 40 m ³ /ab.mes	0,960 €/m ³	1,268 €/m ³
Excesos : más de 40 m ³ /ab.mes	1,021 €/m ³	1,349 €/m ³

Abonados industriais, comerciais e obras

- Cota fixa:	4,707 €/ab.mes	6,218 €/ab.mes
- Consumo :		
Por cada m ³ consumido	0,541 €/m ³	0,715 €/m ³

Gandarías

Terán un desconto do 50% sobre as cotas de industrial e comercial

2.- ALTAS DE CONTRATO (abastecemento e saneamento)

- Por vivenda	52,68 €/ud
- Por local comercial	105,37 €/ud

- Por planta baixa sen dividir

O importe obterase de multiplicar 105,37 € polo número de vivendas que corresponde por planta

Industrias situadas fóra de Polígono Industrial

- Ata 2 obreiros	105,37 €/ud
- Máis de 2 ata 20 obreiros	316,10 €/ud
- Máis de 20 ata 50 obreiros	526,84 €/ud
- Máis de 50 obreiros	1.053,67 €/ud

Naves industriais situadas en Polígonos Industriais

- Ata 500 m ²	526,84 €/ud
- Máis de 500 ata 2.000 m ²	1.053,67 €/ud
- Máis de 2.000 m ²	1.580,51 €/ud

Promotores de 2 ou máis vivendas unifamiliares (*) 541,06 €/viv.

Promocións de vivendas colectivas (edificios colectivos) 541,06 €/viv.

(*) O aboamento de la taxa efectuarase pola empresa promotora da edificación e será por cada vivenda no caso de promocións de vivendas unifamiliares e por cada vivenda no caso de promocións de vivendas colectivas

AÑO 2.011 (3,2%) AÑO 2.012

3.- Cota por conservación de contadores y acometidas

Cota 0,716 €/ab.mes 0,739 €/ab.mes

4- XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS

Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

4,09 €/ud 4,22 €/ud.

5.- DESPRECINTADO DE CONTADOR

Por desprecintado de contador 16,87 €/ud 17,41 €/ud.

6.- CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMIENTO E PRECINTADO DE RACORES

Por conexión á rede e precintado dos racores de contadores non colocados polo persoal do servizo.

18,74 €/ud

19,34 €/ud.

B)

1.- Prezo de acometidas do servizo de abastecemento

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5 m. de lonxitude máxima. (1 a 5 m.)

Materiais

- Colariño de toma
- Enlaces
- Tubería de P.E.A.D.
- Chave de paso
- Tapa de fundición de 15 x 25

Obra civil

- Arqueta para colocación de tapa de 15 x 25
- Lonxitude de gabia máximo 5 m.

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida y do tipo de reposición a realizar na gabia.

<u>Ø Acometida</u>	<u>Terra (A)</u>	<u>Asfalto (B)</u>	<u>Baldosa-beirarrúa (C)</u>
¾"	361,45	405,56	443,32
1"	384,06	435,99	462,66
1¼-1½"	422,63	470,74	516,11
2"	465,74	511,62	559,27

Para as acometidas de lonxitude superior a 5 m. calcularase o custo de acordo co seguinte cadro de prezos:

<u>Acometidas de máis de 5 mts.</u>	<u>¾"</u>	<u>1"</u>	<u>1¼"-1½"</u>	<u>2"</u>
(A) incremento € por m.	9,56	11,18	15,89	26,77
(B) incremento € por m.	17,62	22,67	27,36	37,78
(C) incremento € por m.	25,20	26,88	31,57	41,79

2.- Prezo de instalación de contador

2.1.- Instalación de contador de 13 mm. en batería de contadores ou similar

- Contador de 13 mm.
- Válvula antiretorno
- Pezas de conexión

TOTAL

74,21 €.

76,58 €.

2.2.- Contadores de diámetro superior a 13 mm.

Farase presuposto para cada caso.

2.3.- Tarifa de contadores (sen colocación)

TARIFA DE CONTADORES

(sen colocación)

Ø13 mm.	56,50	€/ud
Ø15 mm.	62,31	€/ud
Ø20 mm.	76,08	€/ud
Ø25 mm.	123,87	€/ud
Ø30 mm.	173,16	€/ud
Ø40 mm.	268,36	€/ud
Ø50 mm.	586,52	€/ud
Ø65 mm.	727,11	€/ud

2) Publicar este acordo no BOP e no taboleiro de edictos do concello

3. Modificación ordenanza reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana (lixo).

Procédese coa votación, e cos votos a favor dos representantes do PP e coa abstención dos do BNG e do P S de G. acórdase :

1. Incrementar a taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, mediante a aplicación do IPC anual xuño 2010 – xullo 2011, que é do 3,20 %, resultando as seguintes tarifas para o ano 2012:

ANEXO: TARIFAS

TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS

URBANOS ASIMILABLES

Epígrafe 10.- Vivendas:	€
Concepto 1000: Recollida diaria	62,53
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 147,25 €)	16,68
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 147.25 €)	14,92
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 147.25 €)	13,17
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 147.25 €)	12,06
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 133,72 €)	13,65
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	3,64
Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ó ano de 133.72 €)	13,65
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano (cun mínimo anual de 78.16 euros)	6,68
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ó ano, euros: (cun mínimo anual de 74.63€)	5,37

Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ó ano, euros: (cun mínimo de 373.95 euros anuais)	31,46
Concepto 1110: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudiantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ó ano, euros (cun mínimo de 321.70 €).	13,65
Concepto 1111: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudiantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada Centro, ó ano	267,54
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m ²	133,77
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: RESTAURANTES	€
120000 De Categoría de Luxo	588,57
120001 De Categoría 1 ^a	535,07
120002 De Categoría 2 ^a	434,75
120003 De Categoría 3 ^a	347,80
120004 De Categoría 4 ^a	260,86
Concepto 1201: CAFETERÍAS	
120100 De Categoría Especial	468,19
120101 De Categoría 1 ^a	367,87
120102 De Categoría 2 ^a	300,98
120103 De Categoría 3 ^a	147,14

<p>Concepto 1202: BARES</p> <p>120200 De Categoría Especial, epígrafe 673.1 I.A.E.</p> <p>120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (zona urbana)</p> <p>120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (resto)</p>	<p>535,07</p> <p>120,39</p> <p>100,33</p>
<p>Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SIMILARES</p>	<p>535,07</p>
<p>Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES</p> <p>120400 Con restaurante e/ou cafetería</p> <p>120401 Os demais</p>	<p>334,43</p> <p>167,20</p>
<p>Concepto 1205: TEATROS E CINES</p> <p>120500 Teatros e Cines con local pechado</p> <p>120501 Teatros e Cines con local aberto</p>	<p>227,40</p> <p>66,88</p>

Concepto 1207 FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓVILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS	
<u>120700 Ata 10 empregados</u>	
120700.00 De 1 empregado	173,88
120700.01 De 2 a 4 empregados	214,03
120700.02 De 5 a 7 empregados	280,91
120700.03 De 8 a 10 empregados	334,42
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	501,62
120702 Máis de 20 empregados, ata 50	1003,26
120703 Máis de 50 empregados, ata 100	2006,52
120704 Máis de 100 empregados	3344,20

Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS. COMERCIOS O POR MAIOR DE PRODUTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS	€
120800 Por cada posto fixo de venda en Mercados Municipais e galerías de alimentación:	
	40,12
NOTA: A concorrencia dun ou máis postos xuntos no mesmo Mercado, adicados á venda de produtos iguais, implicará a tributación polo 2º e seguintes da metade da tarifa.	
120801 Establecementos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do imposto sobre actividades económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m ²	2006,53
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m ² e 120 m ²	1003,27
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m ² e 60 m ²	414,68
120801.03 Con superficie inferior a 60 m ²	227,40
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Peixerías e carnizarías, verdularías e froitarías	133,77
120802.01 Os demais establecementos	80,26

<p>Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINERAS E ESTACIÓNS DE SERVIZOS.</p> <p>Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro</p> <p>Concepto 120902 Gasolineiras e Estacións de Servizo, por surtidor</p> <p>(ata un máximo de 450,76 €)</p>	<p>635,40</p> <p>133,77</p>
<p>Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Produtores de menos de 1000 l de residuos, por día):</p> <p>121000 Ata 500 m² de superficie</p> <p>121001 Dende 500 m² ata 1000 m² de superficie</p> <p>121002 Máis de 1000 m² de superficie</p>	<p>282,12</p> <p>565,03</p> <p>847,15</p>
<p>Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUTORES DE RESIDUOS</p> <p>121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ó día, ó ano</p> <p>NOTA: A efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ó pago deberán declara-la media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servizo, que poderá rectifica-las declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.</p>	<p>167,20</p>
<p>Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS</p>	<p>€</p> <p>80,26</p>

<p>Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS</p>	25,28
<p>Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES</p>	80,26
<p>Concepto 1215: ESTABLECEMENTOS DE CARÁCTER TEMPORAL E CASETAS DE FEIRA</p> <p>121500 Os establecementos de carácter temporal abertos ou en actividade por tempo que non exceda de tres meses consecutivos ó ano, incluídos os instalados con ocasión de festas, romarías ou verbenas.</p> <p>121501 Atraccións e demais establecementos similares instalados no recinto de festas:</p> <p>121502 Venta ambulante, por cada día de colocación no mercado (ó trimestre):</p> <p>NOTA: Para a obtención do PERMISO DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA será requisito imprescindible a presentación do recibo da última taxa trimestral de Hixiene Pública posta ó cobro.</p>	26,83
	34,20
	6,15
<p>Concepto 1216: ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, PEÑAS, CENTROS DE CULTO E OUTROS SIMILARES</p>	66,88

NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1:

As cotas salientadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ó interesado, axustalas ó volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o Concepto 121100.

**TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE
CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS**

Epígrafe 30.- Limpeza	€
Por cada m ² de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 42,29 €):	0,023
Epígrafe 31.- Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertedoiros:	
Concepto 3100: Por cada Kg de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 33,73 €):	0,102
Concepto 3101: Por cada m ³ de residuos inertes, euros (cun mínimo de 33,73 €):	10,46
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza	

TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS

Epígrafe 40.- Recollida de vehículos	€
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedes, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas	22,94

Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 Kg.	47.39
Concepto 4002: Pola retirada de camiións, tractores, turismos , remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 Kg.	117.50
Epígrafe 41.- Depósito de vehículos	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedes, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	1,92
Concepto 4101: automóbiles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 Kg., por día:	3,00
Concepto 4102: Camiións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 Kg., por día	6,42
<p>NOTA 1ª.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.</p> <p>NOTA 2ª.- No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado este debido á presenza do interesado, satisfarase o 50% da tarifa que puidese corresponder.</p> <p>NOTA 3ª.- As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.</p>	

TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE CONTEDORES DE ENTULLO	
Epígrafe 50.- Retirada e transporte a depósito	€ 83,01
Epígrafe 51.- Depósito por cada día de estancia	2,69
NOTA.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS	
Epígrafe 60.- Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	€
Concepto 6001: Por cada m ² de limpeza e de retirada de carteis	18,49
Concepto 6002: Por cada m lineal de limpeza de pintadas	18,49
Concepto 6003: Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros:	10,58
NOTA.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA	
Epígrafe 70.- Por cada unidade de peso menor de 70 Kg, euros:	€ 16,36
Epígrafe 71.- Por unidade de peso superior a 70 Kg, euros:	52,38

2. Publicar este acordo no BOP e no taboleiro de edictos do concello.

4. Aprobación do “Plan de Obras e Servizos 2012”.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e do P S de G e en contra do BNG, acórdase:

1.- Aprobar o plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade , no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercizo 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación obra	Est+deput	Concello	Presp.total
1- Camiño Igrexa Lamas-Casal-Espiñeira e outros	50.332,98	2.649,11	52.982,09
2- Camiño campo de festas Oural - Cruce de Castro e outros	35.758,19	1.882,02	37.640,21

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2012 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ó financiamento de gastos correntes	129.136,80 €

C) Resumo:

Denominación de obra	Estado+deputac	concello	Prespt.total
SUBTOTAL OBRAS	86.091,17 €	4.531,13	90.622,30 €
SUBTOTAL G. CORRENTES	129.136,80 €	170.863,20	300000,00 €
TOTAL	215.227,97 €	175.394,33	390.622,30 €

2.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade 2012.

4.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta prodúcese efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

7.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5. Revogación da adhesión á “Fundación Pública Refuxio de Animais”.

Procede coa votación e cos votos a favor do PP e do P S de G e abstinencia do BNG, acórdase:

1º) Revogar e en consecuencia deixar sen efecto o acordo, do Pleno do concello de data 11 de xaneiro de 2006 , de adhesión á “Fundación Pública Refuxio de Animais” de Santiago de Compostela, por supoñer uns custos ao concello que resulta preciso suprimir para poder prestar outros servizos básicos para os veciños.

2º) A presente revogación terá efectos a partir do día 31 do mes de outubro, data na que o concello deixará de pertencer á mencionada fundación.

3º) Que se notifique este acordo á fundación para o seu coñecemento e efectos.

6) Informe de Tesourería

Danse conta do informe de tesourería correspondente ao 3º trimestre do ano.

a) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago pola entidade .

Pagos realizados en el trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes y Servicios	38,9731	145,0411	132	73.833,48	11	104.783,94
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	38,9731	145,0411	132	73.833,48	11	104.783,94
20.-Arrendamentos e Canons	1	0	2	3.394,86	0	0,00
21.- Reparación Mantemento e Conservación	50	0	18	12.723,23	5	12.113,33
22.- Material Subministro e Outros	38	164	97	57.022,72	6	92.670,61
23.- Indemnización por razón del servizo	40	0	15	692,67	0	0,00
24.- Gasto de publicacións	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de						

lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos y funciones no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2.- Sin desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar ao Presupuesto						
Inversiones reais	28	0	6	232.621,83	0	0,00
Aplicados a Presupuesto (Capítulo 6)	28	0	6	232.621,83	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
sin desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL pagos realizados en el trimestre	32,7661	145,0411	138	306.455,31	11	104.783,94

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagados en el periodo	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Corrientes en Bens e Servicios	0	0,00

Inversións reais	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0,00
Sin desagregar	0	0,00
Total	0	0,00

Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago al final del trimestre	Período medio del pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio del pendente de pago excedido(PMPPE) (días)	Pendentes de pago a final del trimestre			
			Dentro período legal pago a final del trimestre		Fora período legal pago a final del trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gasto en Bens Correntes y Servicios	0	17,2096	0	0,00	109	175.811,29
20.- Arrendamentos y Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21.- Reparación Mantemento y Conservación	0	21	0	0,00	48	42.572,63
22.- Material Subministro y Outros	0	16	0	0,00	59	133.220,42
23.- Indemnización por razón del servizo	0	5	0	0,00	2	18,24
24.- Gasto de publicacións	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Institucións s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos y funciones no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00

2.- Sin desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0	11	0	0,00	3	112.600,44
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Sin desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL operacións pendentes de pago a final de trimestre	0	14,7853	0	0,00	112	288.411,73

Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con máis de tres meses de su anotación en rexistro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendentes de recoñecemento obrigas	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0	0,00
Inversións reais	0	0	0,00
Sin desagregar	0	0	0,00
Total	0	0	0,00

b) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

I.- Normativa aplicable

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais..
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro. RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- Consideracións

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que :

“ Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.”

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xullo de 30 de setembro de 2011 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	138	11
Importe total	306.455,31	104.783,94

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre. (art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	0	112
Importe total	0	288.411,73

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (art. 5º.4 Lei 15/2010):

Número de operacións: 0

Importe total: 0,00

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

Sinalar que despois do remate do terceiro trimestre (30/09/2011) ata o 31/10/2011, presentáronse facturas por importe de **69.062,27** euros que non figuran nos estados anteriores.

Indicar finalmente que da cantidade pendente de pago a finais do trimestre (288.411,73) reflectidas no apartado b), foron aboadas ata esta data 243.159,46 euros, quedando pendente de pago 45.252,27 euros, os que sumados aos 69.062,27 euros que figuran no apartado anterior dan un total de facturas pendentes de pago a esta data de **114.314,54** euros.

Boqueixón, 2 de novembro de 2011

7) Mocións 2527-2682 (PP) , 2224 – 2674 – 2675 – 2676 (BNG) e 2661 (PSG).

Moción nº 2527 do PP

Exposición de motivos

Un ano máis, as entidades locais de Galicia enfróntanse á reclamación por parte do Goberno de España dunha parte das cantidades percibidas durante o ano 2009 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado.

As cantidades que teñen que devolver as entidades locais galegas como consecuencia da liquidación do ano 2009 ascenden a -264.204.197,24 €. Se sumamos este importe co correspondente ás liquidacións negativas do ano 2008 atopámonos con que o Estado está reclamando ós concellos e deputacións de Galicia un importe de 370.488.852,53 €, importe que representa case a metade do que perciben anualmente as entidades locais galegas en concepto de Participación nos Ingresos do Estado.

No caso concerto do Concello de Boqueixón o importe a devolver ascende a 56.982,00. A cota mensual durante o ano 2011 ascende a 949,70 e durante o ano 2012 ascenderá a 949,70.

Esta situación é susceptible de agravarse se, como todo semella indicar, a liquidación do exercicio 2010 resulta igualmente negativa.

A orixe do problema atópase na mala xestión do Goberno de España, que veu presentando durante os últimos anos uns orzamentos cunha previsión de ingresos que a realidade encargouse de poñer en evidencia.

A reclamación efectuada polo Goberno de España neste momento podería poñer en risco o mantemento dos servizos públicos esenciais de titularidade local, razón pola que

cómpre solicitar que se adíe o pagamento das cantidades a devolver cun prazo inicial de cinco anos ata un máximo de dez, do mesmo xeito que se ten comprometido o candidato a Presidente de Goberno, Mariano Rajoy, - para o caso de que gañe as eleccións - respecto das cantidades que o Estado lle reclama ás Comunidades Autónomas.

Ademais, para garantir a suficiencia financeira das facendas locais, o Goberno do Estado debería garantir, como xa fixo a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local, que ningún concello perciba menos ingresos netos en concepto de Participación nos Ingresos do Estado que os que percibiu durante o ano 2009.

Polo todos os motivos expostos, o Grupo Municipal popular proponlle ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1º Dirixirse ó Ministerio de Facenda do Goberno de España para solicitarlle que se amplíe o pagamento das cantidades a devolver correspondentes ás liquidacións negativas da Participación nos Ingresos do Estado dos anos 2008 e 2009, fixadas actualmente en cinco anos, ata un prazo de dez anos.

2º.- Dirixirse ó Ministerio de Facenda para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos netos que percibirán as entidades locais en concepto de Participación nos Ingresos do Estado non sexan inferiores que os que percibiron durante o ano 2009, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante os anos 2010 e 2011.

Por unanimidade apróbase a moción nº 2527 presentada polo P.P sobre o adiantamento das liquidacións negativas correspondentes á participación nos ingresos do Estado.

Moción nº 2682 do PP

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia estrutura o Sistema galego de Servizos sociais en rede, unha rede na que interveñen as distintas administracións da comunidade (local, provincial e autonómica), sendo de competencia municipal os servizos comunitarios básicos e os comunitarios específicos que deben desenvolverse - baixo a planificación da Xunta de Galicia- de xeito coordinado entre diferentes administracións.

Pola súa banda, as deputacións provinciais de conformidade coa Lei 5/1997 de Administración Local, do mesmo xeito que se recolle no artigo 63 de Lei de Servizos Sociais de Galicia, teñen entre as súas competencias a asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente os de menos de 20.000 habitantes na implantación e xestión de servizos comunitarios municipais. Ao amparo desta normativa enténdese que é cometido das deputacións dar apoio prioritario aos concellos de menor capacidade.

No contexto actual no desenvolvemento dos servizos sociais hai que ter en conta ademais que desde a entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, contemplase

a participación das entidades locais na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia de acordo coa normativa das súas respectivas CC.AA e dentro das competencias que a lexislación vixente lle atribúe (at. 12 Lei 39/2006).

Así os concellos están a ter entre os seus cometidos a atención as persoas dependentes na súa modalidade de axuda no fogar, que se cofinancia ata o de agora por parte da Xunta de Galicia como partida independente a través do denominado Plan Concertado, suplementando na súa achega o escaso financiamento que está a supoñer o nivel mínimo de financiamento que garante o Estado para a atención ás persoas en situación de dependencia, o que está a supor que a Xunta de Galicia está a aportar por este concepto un 228% máis que o Estado. Aínda así o modelo de financiamento establecido non está a permitir unha xestión áxil das transferencias.

O incremento na prestación dos servizos sociais comunitarios e específicos e o axuste orzamentario ao que se están a ver obrigadas todas as administracións fan necesaria a existencia de liñas de financiamento estables no tempo, coordinadas e planificadas, entre as distintas administracións competentes, nun ou outro nivel, en materia de servizos sociais.

Polo todos os motivos expostos, o grupo municipal popular proponlle ó Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

- a) Demandar do Goberno Central a blindaxe do investimento que aporta á comunidade de Galicia para o financiamento do plan concertado, plan xitano e atención a menores, mediante transferencia anual á Xunta.
- b) Demandar así mesmo que garanta en relación co servizo de axuda a domicilio a persoas en situación de dependencia que están a prestar as entidades locais, o financiamento do 50% do custo deste servizo a través do nivel mínimo de financiamento de xeito que permita a viabilidade e suficiencia financeira do sistema para a autonomía e atención á dependencia.
- c) Establecer mecanismos de coordinación entre todas administracións, concello, deputación provincial e Xunta, que permitan establecer liñas claras e estables de financiamento dos servizos sociais básicos que se prestan á cidadanía.
- d) Pór en marcha un sistema que axilice os pagamentos anuais aos concellos por parte da Xunta de Galicia que asegure unha porcentaxe de anticipo do que lle correspondería anualmente ao concello pola prestación de servizos sociais comunitarios básicos, no primeiro cuadrimestre de cada ano.
- e) Pór en marcha unha ferramenta que permita abonos trimestrais do servizo de axuda no fogar para os dependentes introducidos no sistema a 31 de decembro do ano anterior.
- f) Elaborar unha normativa que flexibilice nos concellos a aplicación do copagamento dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos.

Co voto a favor do representante do PP e do P S de G e en contra do BNG apróbase a moción nº 2682 do P.P sobre a necesidade de coordinación entre as distintas administracións en materia social.

Moción nº 2224 do BNG

Exposición de motivos

O actual sistema de financiamento das entidades locais foi impulsado e aprobado polo PP e mantido polos gobernos do PSOE, o que nos aboca hoxe non só á minoración dun importante montante dos ingresos dos concellos serán a devolución das liquidacións negativas da participación nos ingresos do Estado (PIE), pondo en perigo o mantemento dos servizos públicos locais e á quebra económica e existencia dalgúns concellos.

Os efectos da crise, sumada a insuficiencia financeira crónica dos concellos, constitúe unha mestura explosiva que está a provocar dificultades para atender os servizos públicos.

Pero ese modelo de financiamento local, que subordina aos concellos a unha existencia de sobressaltos e angustia económica, afecta tamén á participación da Xunta de Galiza na distribución dos recursos e emprega criterios discriminatorios co noso país ao non ter en conta factores como a dispersión dos núcleos de poboación e o avellentamento, factores estruturais que impiden un axeitado modelo de financiamento ás administracións públicas locais.

Non existen medidas reais para superar esta grave situación, simplemente esixen a devolución das liquidacións negativas da PIE de xeito mecánico e administrativo, levando a cabo medidas económicas que prexudican aos concellos e a sociedade en xeral, familias, traballadores e traballadoras. E desta situación son responsábeis tanto o PSOE como o PP que presiden gobernos con competencias e recursos para que a situación económica tome un rumbo diferente outorgándolle un papel distinto ás administracións e garantindo o seu funcionamento normal. Xa que logo, debe establecerse de xeito, urxente un aprazamento na devolución da PIE, condicionando a devolución en todo caso a que non se poña en risco a suficiencia financeira dos concellos para atender servizos públicos básicos, e tamén unha revisión a fondo do sistema de financiamento local.

Os concellos galegos, que representan aproximadamente o 6,5 % da poboación do Estado español, reciben un 5,27% da participación nos ingresos do Estado. Mentres os concellos de Galiza reciben 176,54 euros por habitante, a media no conxunto do Estado recibe 221,07 euros. Así, queda patente que o financiamento dos concellos desde o Estado é insuficiente e inxusto: só ten en conta a poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) e non ten en conta que os custos dos servizos en Galiza son máis altos que no resto do Estado polo dispersión poboacional e o avellentamento da poboación. Neste sentido cómpre recordar que Galiza conta coa metade dos núcleos de poboación do Estado: 36.000; e que a dispersión encarece os custos da prestación dos servizos. É necesario reformar o financiamento local e incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado. Así, débese integrar plenamente a transferencia da participación nos ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galiza, e esta transferencia deberá ter en conta o maior custo dos servizos en Galiza.

Por iso, solicito do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes acordos :

Instar á Xunta de Galiza a:

1. A que demande do Goberno do Estado a elaboración un Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e a acordar unha moratoria no pagamento das liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado (PIE).
2. A que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a confía da PIE, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo leña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.
3. Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

Por unanimidade apróbase a moción nº 2224 presentada polo BNG, sobre a demanda do goberno do Estado da elaboración dun plan que garanta o gasto corrente aos concellos, acordar unha moratoria no pago das liquidacións negativas e a reforma do financiamento local.

Moción nº 2675 do BNG

Exposición de motivos

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación máis clara e brutal da desigualdade aínda existente entre mulleres e homes na nosa sociedade, poñendo de manifesto que falta moito camiño por andar até rematar completamente coa discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

Nos últimos anos déronse pasos importantes no eido legal, superando a visión que reducía o problema ao ámbito privado e asumindo que a loita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación deben implicarse o conxunto de poderes públicos e toda a sociedade.

O Parlamento de Galiza no ano 2007 deu un paso moi importante nesta dirección ao aprobar unha lei específica que trata integralmente todo o referente á violencia de xénero. A citada lei, por vez primeira, fai un tratamento da violencia de xénero desde unha perspectiva integral, recoñece dereitos económicos e sociais para as mulleres que se atopen unha situación de violencia machista e impón unha serie de obrigas para as administracións públicas de carácter tanto preventivo, como formativo e de asistencia ás vítimas. Mais hai outro cambio relevante que introduce esta norma, a apertura dos recursos sociais a todas as mulleres con independencia de que conten cunha orde de protección ou non. Unha medida necesaria que pretende incrementar os resortes institucionais de apoio as mulleres. A aprobación desta lei supuxo ademais o compromiso firme de incremento dos recursos destinados na Galiza a loita contra a violencia de xénero.

Non obstante a día de hoxe, e a pesar das diversas peticións do BNG, o goberno do PP na Xunta de Galiza, non puxo en funcionamento os instrumentos legislativos previstos para a protección das vítimas de violencia de xénero, é máis, parece considerar prescindíbeis e superfluas a maior parte das accións preventivas e doutro tipo que se viñan poñendo en marcha nos últimos anos de cara á erradicación da violencia de xénero.

Entre as previsións pendentes de desenvolvemento na Lei está a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un órgano institucional da Xunta de Galiza que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero.

Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficacia das políticas e recursos que se adican a esta finalidade. Xa no informe elaborado a finais de 2008 pola Secretaría Xeral de Igualdade sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, se puña de manifesto a existencia dun borrador de decreto no que se estaba traballando a fin de poder cumprir con este mandato legal de poñer en funcionamento o Observatorio, e a pesar disto, a día de hoxe, non hai ningunha medida ao respecto.

Xa o pasado ano, no mes de novembro, con motivo do Día da Non Violencia Contra as Mulleres, puñamos de manifesto esta cuestión, máis estes e outros aspectos do texto legal fican aínda por desenvolver. Existen ademais moitas medidas que é necesario seguir a impulsar de xeito continuado para lograr que sexan eficaces. Por exemplo, nas medidas de sensibilización social ou de formación das e dos profesionais que traballan en sectores relacionados, directa ou indirectamente, co tratamento de vítimas de violencia de xénero, cousa que non se está a facer. Non podemos permitir que se inclúan as políticas dirixidas á loita contra a desigualdade entre mulleres e homes entre esas materias das que se pode prescindir coa escusa da austeridade, mentres os cartos públicos se seguen a malgastar en outros temas de moita menos relevancia. A erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade de calquera goberno, que ten que materializarse na mobilización de recursos e no cumprimento das disposicións legais vixentes nesta materia.

Pero se non chegara coa paralización do desenvolvemento da lei e das políticas destinadas á prevención, estamos asistindo ao desmantelamento das poucas estruturas básicas coas que a administración galega contaba neste ámbito, baste recordar a disolución realizada o ano pasado do Servizo Galego de Igualdade. Tamén se ve esta mesma tendencia na considerábel redución económica das partidas orzamentarias destinadas a sufragar o mantemento das medidas de prevención da violencia de xénero. .

Por todo isto, propono ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo :

1. Instar á Xunta de Galiza a que impulse a posta en funcionamento das obrigas impostas pola Lei 11/2007 que están pendentes de desenvolvemento; en concreto, a

creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral.

2. Que faga unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, que se realice á formación das e dos profesionais implicados na atención e tratamento das vítimas, e que garanta o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público cuestión tamén recollida na lei.

3. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

Por unanimidade apróbase a moción nº 2675 presentada polo BNG sobre as políticas de prevención e tratamento da violencia de xénero.

Moción nº 2676 do BNG

Exposición de motivos

A Xunta de Galiza, mediante unha Orde ditada pola Consellaría de Educación, o pasado día 7 deste mes, procedeu a eliminar as axudas dirixidas a concellos en materia de normalización lingüística. Estas axudas víñanse concedendo anualmente desde hai moitos anos, e permitían que algúns concellos contasen con servizos de normalización lingüística, ou desenvolvesen actividades de promoción e dinamización do noso idioma. Tanto o Estatuto de Autonomía de Galiza, que vincula aos poderes públicos ao emprego do galego en todos os ámbitos, como a lei de normalización lingüística, que establece compromisos concretos neste campo, a desenvolver polos concellos, determina a necesidade de activar medidas, baixo dirección e coordinación do goberno galego, para normalizar o uso do idioma propio de Galiza na administración local.

O goberno do Partido Popular, utilizando como coartada os obxectivos de estabilidade orzamentaria e déficit público, eliminan as axudas para a lingua galega, e cumpren co seu programa político: a liquidación do uso do noso idioma tamén no ámbito oficial. Pero, esta agresión tamén leva consigo a desaparición dos servizos de normalización lingüística e a eliminación de numerosos postos de traballo de técnicas e técnicos municipais de normalización, incumpríndose os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, e agudizando o ataque ao galego.

Por iso, solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Restituír, con carácter de urxencia, as axudas destinadas aos Concellos en materia de normalización lingüística, baixo os seguintes criterios:

- a. Resolución urxente das axudas a fin de que cada concello coñeza o importe e poida planificar as súas actuacións.
- b. As axudas daranlle prioridade á creación, mantemento e estabilidade dos Servizos Municipais de Normalización Lingüística.
- c. As axudas contribuirán ao financiamento das accións normalizadoras durante a totalidade do ano.
- d. Que todos os concellos, con independencia da súa poboación, poidan acceder

ás axudas, sen prexuízo da promoción de servizos comarcalizados a través da agrupación de concellos.

2. Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

Cos votos a favor de todos os presentes neste momento da sesión apróbase a moción nº 2676 do BNG sobre a restitución de axudas aos concellos en materia de normalización lingüística.

Moción nº 2674 do BNG

Exposición de motivos

O plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais é un instrumento fundamental de cooperación entre os Concellos, a Xunta de Galiza e a Administración do Estado, por medio do cal se cofinancian os servizos sociais municipais e permiten garantir as prestacións básicas e a atención aos veciños e veciñas. O Plan Concertado cobre os custos seguintes:

- Persoal dos servizos sociais.
- Gastos de mantemento dos servizos sociais comunitarios.
- A prestación do servizo de Axuda no Fogar, incluíndo a prestación do servizo de Axuda no Fogar para persoas valoradas como dependentes e a prestación básica.
- A xestión e realización dos programas básicos de prevención, inserción, cooperación e fomento da solidariedade e outros destinados a intervencións comunitarias.
- Investimentos: adquisición, construción, reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento de equipamentos de servizos sociais.

Nestes días están a chegar aos concellos as resolucións deste plan, cun recorte drástico e inxustificable nas achegas da Xunta de Galiza relativas aos gastos anteriores englobados no Plan Concertado de prestacións sociais básicas, no programa de servizos sociais comunitarios e no plan de desenvolvemento xitano.

Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender ás persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP, na Xunta de Galiza vén de suprimir e recortar as achegas que desenvolven servizos sociais básicos.

Este recorte ao plan concertado obriga aos concellos a facer fronte ás necesidades e programas contraídos este ano 2011 con fondos propios, o que vai afectar aos servizos sociais municipais, e ao que hai que engadir outra grave problemática: o retraio no pagamento das partidas asignadas e comprometidas. Hai que destacar que no mes de outubro os concellos aínda non recibiron da Xunta de Galiza as subvencións do plan concertado, cando os concellos veñen realizando o gasto desde o mes de xaneiro.

A Xunta de Galiza e o Parlamento galego, alén da incerteza do que vai pasar en 2012 e anos seguintes, deben resolver este tema de inmediato para asegurar e garantir os recursos necesarios para que os concellos sigan ofrecendo á sociedade os servizos e

prestacións sociais que demanda e precisa, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos.

Por todo isto, propóñolle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo :

1. Instar á Xunta de Galiza á restitución inmediata dos créditos eliminados para o financiamento do Plan Concertado do ano 2011, que significou o recorte de 2,4 millóns de euros, que permitirá continuar cos programas englobados no citado plan de servizos sociais e de prestación básicas e atención ás familias e colectivos con problemas.

2. Instar á Xunta de Galiza a que nos Orzamentos do ano 2012:

- Garanta como mínimo as cantidades consignadas no 2009 para o plan concertado e o programa de servizos sociais comunitarios.
- Atender así mesmo á execución do plan especial de atención á comunidade xitana e o programa de atención a persoas sen fogar, polo gran incremento sufrido.
- Restablecer e incrementar os fondos destinados aos concellos para apoio ás familias.

3. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010 ao cofinanciamento dos plans e programas sociais, minorados polo acordo do Consello de Ministros no mes de febreiro pasado

Cos votos a favor dos representantes do BNG e do P S de G e coa abstinencia do PP, apróbase a moción nº2674 do BNG sobre os recortes do plan concertado da Xunta de Galicia.

Moción nº 2261 do P S de G.

Exposición de motivos

O Plan concertado constitúe un instrumento fundamental para a colaboración e coordinación entre as administracións con competencias en políticas sociais co fin de prestar servizos públicos, actuacións e programas absolutamente fundamentais para o benestar das persoas. Sen Plan concertado non poderían existir os servizos públicos sociais que existen na actualidade.

Este plan nacido froito das políticas socialistas, ten sido o soporte de políticas municipais sociais, tanto de dotación de persoal como na elaboración, mantemento e desenvolvemento de programas de atención e cohesión social.

Obxectivos fundamentais do Plan son garantir servizos sociais a toda a poboación, proporcionar aos cidadáns e cidadás servizos sociais de calidade axeitados ás súas necesidades, construír redes públicas de equipamentos sociais, ou cooperar cos concellos na prestación de servizos sociais de calidade.

A entrada de Feijóo ao Goberno da Xunta ven supoñendo un ataque directo ao Plan concertado. Os recortes que se teñen experimentado, malla os anuncios ao uso da Conselleira Mato, están a asfixiar aos concellos, e, o máis importante, a persoas que precisan deste plan para vivir nunhas mínimas condicións de benestar. A media de recortes deste ano dos orzamentos da Xunta para os concellos é do 80% o que suporía de non rectificar a morte dos servizos sociais municipais.

Os incomparables recortes da Xunta de Galicia en axudas a domicilio impedindo novas altas, a desaparición de programas está a ser denunciado polas profesionais e os profesionais do sector defendendo o interese das políticas sociais. Os anuncios da Consellaría (le Traballo e Benestar sobre o Plan concertado son tantos como incumprimentos contrastables e acreditados no seu tempo de Goberno. En virtude do exposto o Grupo Municipal Socialista, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, e que se acorde o seguinte:

- 1) Rectificar, a través das medidas urxentes necesarias, os recortes implantados polo Goberno galego no Plan concertado e garantir, polo menos, a cobertura orzamentaria de 2009.
- 2.) Garantir o mantemento dos programas, actuacións e servizos dependentes do Plan concertado que existían no ano 2009.
- 3) Facultar ao Alcalde-Presidente para exercer as acción legais que procedan en defensa dos dereitos sociais dos seus veciños/as.

Cos votos a favor dos representantes do BNG e do PS de G e coa abstención do PP apróbase a moción nº 2261 do PS de G. sobre garantir o mantemento dos programas, actuacións e servizos dependentes do Plan concertado e rectifica os recortes implantados polo goberno galego do pleno concertado.

8. Información alcaldía.

Danse conta dos decretos da alcaldía que tiveron lugar desde o día 12/9/2011 ata o 4//11/2011.

9. Rogos e preguntas

O sr. Canabal presenta os seguintes rogos:

- 1) Que sempre (desde aquí ata final do mandato actual) que coincida un pleno ordinario dentro dos 15 días da campaña electoral, que se adiante ao mércores seguinte ao fin de campaña, salvo que os asuntos a tratar sexan da suficiente urxencia que non permita ese adiantamento. Así o fíxemos no mandato 2003-2007 e chegamos a adiantar algún pleno.
- 2) En setembro tivo entrada un escrito presentado pola delegación de sanidade sobre os protocolos de actuación no servizo de abastecemento de auga, rexistro de entrada

nº 11/2304 do 21/09/2011. Ante as deficiencias detectadas rogo que se lle solicite información á empresa Espina y Delfín sobre este requirimento da Xefatura Provincial de Sanidade da Coruña.

3) Con data 28 de outubro 2011 recibín a notificación do Decreto da alcaldía desa data, pola cal se me denegaba copia do expedientes solicitados o 27/10/2011.

Aínda que neste caso comprendo que me excedín , sobre todo porque había sentenzas xudiciais no expediente, non debe preocuparse nin darlle medo autorizalas. Ademais pídoas escaneadas, non que se fotocopien.

Responde o sr. alcalde, que si pero, só en casos puntuais, aínda que si lle autoriza a consulta dos expedientes e para o cal vostede asina a súa responsabilidade, que fai do seu uso.

4) En canto ao PXOM, solicito que se me envíe con suficiente antelación, antes da súa elevación ao pleno , para o estudo da normativa prevista nel.

PREGUNTAS

1) ¿Existe algún rexistro de facturas?. Aparte de ser rexistradas no rexistro xeral, e de ser así ¿teñen algún código.?

Resposta neste caso a secretaria previa autorización do alcalde e responde que si existe un rexistro de facturas en intervención, instalado pola deputación dentro do programa Ágora, na aplicación de contabilidade. De todas formas e coa autorización do sr. alcalde, di que si o desexa pode pasar por intervención para comprobar o seu funcionamento.

2) En canto ao informe da secretaria – interventora do mes de setembro. ¿Por qué non se cobraron eses contratos de altas en abastecemento e saneamento.?

O sr. alcalde di que lle responderá no próximo pleno.

O sr. Calvelo fai o seguinte.

ROGO:

No lugar de Vilar hai problemas coa luz, pois prodúcense cortes.

O concelleiro, sr. Santasmarinas, responde que foi debido ao temporal.

PREGUNTAS:

1) Según veciños , durante o ano 2009 fixéronse cursos de ximnasia gratuitamente e sen embargo neste ano 2011, estase a aprobar a cobrar 20 €/persoa. E por outro lado, din que se prometeu unha excursión e que de momento non se efectuou.

Responde o sr. alcalde que efectivamente neste ano estase cobrando e a excursión se non se fai é por falta de recursos.

2) ¿En que situación está o PXOM?

Responde o sr. alcalde que a final deste mes , aproximadamente,convocaran un pleno para a súa aprobación inicial. Di así mesmo o alcalde que lles será remitido en c-d, nos próximos días.

3) Posto que se incrementan as taxas,¿ melloraremos as depuradoras? ¿ónde se depositan os detritos?

Responde o sr. alcalde, que si e iso correspóndelle a concesionaria Espina y Delfín. Os detritos trasládanse a SOGAMA.

4) Aínda que non se estea conectado hai que abonar o saneamento e o abastecemento?

Responde o sr. alcalde, que o abastecemento non pero o saneamento, si.

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Vº e praxe

A secretaria

O presidente